

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 19 DE AGOSTO DE 2020

Ás 11:10 horas do día 19 de agosto de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 14 de agosto de 2020, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. José Ángel Hermida Fernández, xefe de servizo de Comercio (asiste ao punto 2)
D. Rafael Ojea Pérez, vogal suplente da xefa de servizo de Educación (asiste aos puntos 9 e 10)
D. José Ángel Lago Filgueira, o técnico de xestión de expedientes do Servizo de Festas (asiste aos puntos 10 e 11)

Secretaria: D^a. María Blanco Rodríguez, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a prestación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos periódicos, ocasionais e eventos puntuais que se celebren no término municipal de Vigo (7.175-106)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 03:19	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4D-C3B936-4AC3D4-B5XTYC-Q18H6L-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. PILOT CCS SERVICE CONSULTANCY, S.L.: Deberá presentar o Anexo II “DECLARACIÓN RESPONSABLE” debidamente asinado de conformidade coa cláusula 14.2.a do PCAP.
2. INTEGRAL IKERLEC VIGO S.L.:
 - Deberán cumprimentarse as partes III “*Motivos de exclusión*” e IV “*Criterios de selección*” do DEUC. Para os efectos de facilitarlle a cumprimentación da parte IV, indícase que poden declarar ambos requisitos respondendo afirmativamente na Parte IV “Criterios de selección”/a: Indicación global relativa a todos os criterios de selección.
 - De conformidade coa cláusula 14.2.a do PCAP, deberá presentar o Anexo II “DECLARACIÓN RESPONSABLE”, o Anexo III “DECLARACIÓN DE POSTA A DISPOSICIÓN DE MEDIOS POR UN TERCEIRO” e o DEUC da empresa á que se recorra para acreditar a solvencia (toda vez que no DEUC declara que recorre a capacidade doutras entidades para satisfacer os criterios de selección). Todos os documentos debidamente asinados.

b) Procedemento aberto para a contratación dunha póliza de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos. (20290-240)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “*Documentación persoal*”, tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A
 2. GENERALI ESPAÑA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS
 3. MAPFRE ESPAÑA S.A.

4- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a prestación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulante nos mercadillos periódicos, ocasionais e eventos puntuais que se celebren no término municipal de Vigo (7.175-106)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo de tres días aos dous licitadores para emendar a documentación persoal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 03:19	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4D-C3B936-4AC3D4-B5XYTC-Q18H6L-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dunha póliza de todo risco de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos. (20290-240)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo total	% desconto a aplicar ao importe da franquía aptdo 8 PPT (6.000 euros por sinistro)	% incremento a aplicar a todas as coberturas mínimas que figuran no apartado 7.2 do PPT	Melloras		
					Incrementa límite indemnización ata 30 millóns de €	Inclúe capital mobiliario urbano	Inclúe reclamación danos bens do asegurado causados por terceiros
1	ALLIANZ SA	204.335,80 €	75%	5%	si	non	non
2	GENERALI SA	202.595,88€	90%	0%	non	non	non
3	MAPFRE SA	217.256,04 €	15%	10%	non	non	non

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de navia (23976-332)

Inclúese neste punto o estudo e, no seu caso, aceptación do informe sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 27 de xullo de 2020, en cumprimento do acordado na sesión do 24 de xullo de 2020, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. AMIL LAGO SERVICIOS GENERALES S.L

Durante o prazo concedido, AMIL LAGO SERVICIOS GENERALES S.L presentou



documentación.

Da documentación anterior deuse traslado ao responsable do contrato.

O 11 de agosto de 2020, a xefa do servizo de Educación emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que non se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de contratos do sector público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

- AMIL LAGO SERVICIOS GENERALES S.L

Posteriormente, entrégase o informe asinado pola xefa do servizo de Educación de data 12 de agosto de 2020 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto de servizos de actuacións musicais no “ciclo de bandas de música ao son das festas de Vigo” (8507-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 14 de agosto de 2020, en cumprimento do acordado na sesión do 14 de agosto de 2020, otorgouse un prazo de tres días a FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO para que poida emendar a documentación presentada nos seguintes termos:

“- Deberá presentar un escrito no que declare que:

“1.- Que acepta integramente os pregos de prescricións técnicas e condicións administrativas que rexen esta contratación.

2.- Que a proposta foi elaborada conforme ás obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio ambiente, emprego, condicións laborais, sociais e a obriga de contratar unha porcentaxe específica de persoas con discapacidade, ás que se refire o punto 4 da cláusula 11 do PCAP.”

- Deberá presentar aclaración respecto do importe do IVE a aplicar ao presuposto achegado ou, no seu caso, documento acreditativo da exención fiscal.”

O licitador presentou a documentación en prazo, polo que de conformidade co informe asinado polo técnico de xestión de expedientes do Servizo de Festas e a Secretaría de Administración Municipal de data 11 de agosto de 2020 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” que foi aceptado por unanimidade pola Mesa na sesión de 14 de agosto de 2020



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 03:19	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4D-C3B936-4AC3D4-B5XTYC-Q18H6L-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



e, comprobado que a oferta do licitador non contén valores anormais de conformidade coa fórmula prevista na cláusula 18 do PCAP e, en aplicación do previsto na cláusula 16.3, ao haber un único licitador, a Mesa acorda, por unanimidade, outorgar ao licitador a máxima puntuación recollida no apartado 7B das FEC do PCAP:

	Licitador	Prezo sen IVE	Incremento do tempo de duración de cada unha das actuacións sobre o mínimo esixido no PPT (45 minutos) nº minutos
1	FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO	80.000 euros	0
		70 puntos	0 puntos
Puntuación total			70 puntos

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto de servizos de actuacións musicais no “ciclo de bandas de música ao son das festas de Vigo” (8507-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO	70 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO (G36855906), para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP), ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de navia (23976-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 03:19	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4D-C3B936-4AC3D4-B5XTYC-Q18H6L-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“**Primeiro.-** Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de xullo de 2020, de ELEROC SERVICIOS S.L (OSGA) por exceder o prezo unitario ofertado o prezo previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP).

Segundo.- Excluir deste procedemento a AMIL LAGO SERVICIOS GENERALES S.L, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola Xefa de servizo de Educación de data 11 de agosto de 2020.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de navia na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO	93,30
2	ATLANTIC PONTE 2000 S.L.U	90,94
3	SERVICIOS GALLEGOS DE MINUSVÁLIDOS, S.L	81,17
4	EULEN CEE, S.A.	78,69
5	SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U	77,14
6	COMBINA SOCIAL S.L	71,18
7	GRUPO SIFU GALICIA, S.L.	45,54
8	DIMOBA SERVICIOS, S.L.	25,17
9	PRINTES SECURITY ADVICE S-L	12,41

Cuarto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, **INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO (B82992744)**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

11.- Proposta de adxudicación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 03:19	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4D-C3B936-4AC3D4-B5XYTC-Q18H6L-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



a) Procedemento aberto de servizos de produción, asistencia técnica e auxiliares para a realización de diversos espectáculos/concertos a celebrar con motivo do programa “VIGO EN FESTAS 2020” (8506-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto de servizos de produción, asistencia técnica e auxiliares para a realización de diversos espectáculos/concertos a celebrar con motivo do programa “VIGO EN FESTAS 2020” (8506-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de xullo de 2020, a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación urxente do contrato do servizo de produción, asistencia técnica e servizos auxiliares para a realización de concertos e espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade dentro do Festival de Verán, con motivo do programa “Vigo en Festas 2020”- Festival de Verán.

Segundo: *Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 17 de xullo de 2020 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 16 de xullo de 2020 pola Xefa do Servizo de Contratación do SERVIZO DE PRODUCCIÓN, ASISTENCIA TÉCNICA E AUXILIARES PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSOS ESPECTÁCULOS/CONCERTOS A CELEBRAR CON MOTIVO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2020”*

Terceiro: *Autorizar o gasto polo importe base de licitación 95.772,26 € €, e sendo o valor estimado do contrato de 79.150,62 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo)*

Cuarto: *Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 03:19	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4D-C3B936-4AC3D4-B5XTYC-Q18H6L-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 7 de agosto de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto de servizos de produción, asistencia técnica e auxiliares para a realización de diversos espectáculos/concertos a celebrar con motivo do programa “VIGO EN FESTAS 2020” (8506-335) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	FLUGE GALICIA S.L	52
2	SOLIMUSIC EVENTS SLU	44,13

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, **FLUGE GALICIA S.L (B87037883)**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, **FLUGE GALICIA S.L**, o día 10 de agosto de 2020, que presenta a documentación requirida o 14 e 17 de agosto de 2020, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 19 de agosto de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar **FLUGE GALICIA S.L**, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por **FLUGE GALICIA S.L.**, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de data 6 de agosto de 2020.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Adxudicar a **FLUGE GALICIA S.L (B87037883)** o procedemento aberto de servizos de produción, asistencia técnica e auxiliares para a realización de diversos espectáculos/concertos a celebrar con motivo do programa “VIGO EN FESTAS 2020” (8506-335) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 94.380 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 16.380 euros.*
 - b) *Comprometéndose a incrementar o número mínimo de controladores de acceso previsto no apartado 16.B.2.a para cada evento en 1 controlador.*
 - c) *Comprometéndose a incrementar o número mínimo de auxiliares previsto no apartado 16.B.2.a en 1 auxiliar.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 03:19	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADAF4D-C3B936-4AC3D4-B5XTYC-Q18H6L-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		